CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG) PARA GARANTIR UNHA ATENCIÓN INTEGRAL ÁS MULLERES XORDAS QUE SOFRAN VIOLENCIA DE XÉNERO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade establece que a Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero é o órgano de dirección da Consellería de Política Social e Igualdade ao que lle corresponde, entre outras funcións, impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral.

A Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, recolle no seu artigo 74.1, que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o sector público autonómico, no exercicio das súas competencias, garantirán o dereito á igualdade de trato das mulleres e das nenas con discapacidade. Alén diso, fomentarán a igualdade de oportunidades en relación coas demais mulleres e cos homes, con ou sen discapacidade. Serán obxecto de especial tratamento as situacións de discriminación múltiple e interseccional por mor do sexo e da discapacidade, ou por mor do sexo, da discapacidade e doutros factores de discriminación, ao considerar que a confluencia de dous ou máis factores de discriminación ten un efecto exponencial na situación de desigualdade.

A violencia contra as nenas e as mulleres con discapacidade presenta características comúns co resto de mulleres, pero tamén ten características específicas, polo que é preciso articular as ferramentas axeitadas de cara a dar resposta ás súas necesidades específicas, como é o

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: JdSSkGPh0vn3 https://sede.xunta.gal/cve

caso das mulleres xordas e xordo-cegas, de cara a súa plena integración e participación en todos os ámbitos da sociedade.

A Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) é unha entidade sen ánimo de lucro, formada por 7 Asociacións, é un referente dentro e fora del movemento asociativo de persoas xordas. Nos seus 30 anos de vida, FAXPG levou a cabo numerosos programas, proxectos e actividades dirixidos á mellora das condicións de vida do colectivo de persoas xordas. Conta con Centros de Orientación e Atención a Personas Xordas, e sede nas sete grandes cidades, que atenden as demandas do colectivo de persoas xordas nas áreas de servizos sociais, educación, atención psicolóxica, emprego, Servizo de Intérpretes de Lingua de Signos Española, ensino da Lingua de Signos Española, etc.

Pola súa dimensión, capacidade e implantación así como pola súa experiencia e coñecemento do colectivo de persoas xordas e en concreto de mulleres xordas e a especialización en lingua de signos das e dos profesionais coas/os que colabora, a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), reúne as condicións para o desenvolvemento de accións de que garantan unha atención integral ás mulleres xordas que sofran violencia de xénero, en Galicia, tales como poder contar cun servizo de intérpretes no momento de presentación da denuncia, organizar formación específica dirixida a profesionais de atención especializada a mulleres xordas da FAXPG (traballadoras sociais e mediadoras da comunicación, psicólogas), organizar formación específica en linguaxe de signos a profesionais de centros ou servizos especializados na atención á mulleres vítimas de violencia de xénero así como organizar actividades e talleres formativos dirixidos a persoas xordas para a prevención de situacións de violencia.

É por iso que a Consellería de Política Social e Igualdade de cara a mellorar a situación das mulleres deste colectivo que padecen situacións de violencia de xénero, estima conveniente asinar un convenio coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia. O obxecto deste é a concesión directa dunha subvención pública destinada ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade das actuacións desenvoltas pola Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) par para contribuír a mellorar a atención ás mulleres xordas e xordo-cegas que sofren violencia de xénero en Galicia, coa posta en marcha dun servizo de intérpretes en lingua de signos dende o momento de presentación da denuncia, así como apoiar a formación das e dos profesionais que traballan neste eido, durante o ano 2026.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: JdSSkGPh0vn3 https://sede.xunta.gal/cve

As actuacións previstas neste convenio son distintas das previstas no convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia para o financiamento de servizos especializados dirixidos a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e do mantemento da federación e das súas entidades federadas, xa que contén actuacións específicas para garantir unha atención especializada a mulleres xordas e xordo-cegas que sofran violencia de xénero, en resposta ás características e particularidades que require a atención deste colectivo.

As actuacións deste convenio entroncan directamente con varias medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero do 26 de febreiro de 2025 no que se insta a: implementar os recursos especializados ás necesidades e condicións de ditas mulleres, para facelos plenamente accesibles e inclusivos para elas (linguaxe de signos, lectura fácil,...) a garantir ás vítimas con discapacidade auditiva a presencia de intérpretes de linguaxe de signos e a promover a formación en violencia de xénero a intérpretes de linguaxe de signos que se encarguen de realizar labores de interpretación en casos de violencia de xénero en comisarías, xulgados, atención psicolóxica e social e a a continuar garantindo o acceso de mulleres e nenas con discapacidade a lecturas informativas adaptadas (Braille, comunicación aumentativa) sobre prevención da violencia de xénero, acoso ou agresións sexuais.

Desenvolverán actuacións como a prestación do servizo de intérpretes de lingua de signos a mulleres vítimas de violencia de xénero o cal constitúe o mecanismo máis importante para a equiparación de oportunidade das persoas xordas ou con discapacidade auditiva e xordo cegas e o resto da sociedade, é o elemento básico para paliar as desigualdade que lles afectan na súa participación social, a formación específica en linguaxe de signos a profesionais de centros ou servizos especializados na atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero, consiste nunca acción de formación básica de lingua de signos española a profesionais de servicios especializados de atención a mulleres cunha duración de 30 horas en modalidade online e incluirá unha acción de sensibilización de 2 horas en modalidade de telepresenza sobre os recursos específicos que tanto as mulleres xordas vítimas de violencia de xénero como os profesionais dos servicios especializados de atención, teñen a súa disposición na actualidade para dar cobertura ás necesidades de protección e seguridade das vítimas, así como a organización de obradoiros formativos e preventivos.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: JdSSkGPh0vn3 https://sede.xunta.gal/cve

A concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007,na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas con necesidades especiais, como é o caso das mulleres xordas e xordo-cegas que sofren violencia de xénero, un servizo integral, de atención, apoio, e recuperación tendo en conta a súa especial vulnerabilidade, sendo a FAXPG a única entidade que pola súa experiencia, dimensión, capacidade, implantación no territorio da Comunidade Autónoma dispón dos e das profesionais e medios suficientes para desenvolver axeitadamente as actuacións obxecto de subvención a través deste convenio.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

Asinado por: ROBERTO BARBA ALVEDRO
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 15/07/2026 12:15:25

As copias en papel deste documento terán a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: JdSSkGPh0vn3 https://sede.xunta.gal/cve